

Benquerido amigo,

Comeza o período de petición da **Memoria da Producción Científica** realizada polos departamentos/institutos/estacións biolóxicas e grupos de investigación **do ano 2010**.

Para profundar na política de responsabilidade social, este ano tampouco se requirirá que os departamentos/institutos envíen a documentación xustificativa das contribucións rexistradas na aplicación informática. A Oficina de Investigación e Tecnoloxía levará a cabo unha comprobación por mostraxe da veracidade dos datos rexistrados, para o que poderá solicitar, no momento que estime oportuno, dalgúns departamentos/institutos/grupos de investigación a xustificación correspondente aos méritos rexistrados.

No caso de que na verificación se detectasen méritos rexistrados para os que non exista documentación xustificativa, a USC procederá a deducir, do importe da produción científica do ano seguinte, o 300% da cantidade que lle correspondería ao PDI, grupo ou grupos de investigación implicados por cada ítem non xustificativo.

No caso da xustificación de publicacións non periódicas (libros) a Vicerreitoría de Investigación e Innovación poderá solicitar dos autores que recaben, e posteriormente remitan á Vicerreitoría de Investigación e Innovación, unha carta da editorial correspondente na que figuren os seguintes datos:

- Nome e CIF da editorial
- Sede Social
- Nome do editor ou representante do Consello editorial encargado da edición do libro en cuestión. Datos do contacto do editor: Telf. e enderezo de correo electrónico.
- Breve descrición do proceso editorial seguido co libro en cuestión.

Unha vez máis quero chamar a túa atención sobre a importancia que ten que desde a dirección do dpto./inst./estacións biolóxicas/centros singulares se supervise a correcta presentación da documentación, para axustarse o máis posible ás instrucións que se achegan xa que como sabes, a avaliación das actividades faise de xeito totalmente automática mediante a aplicación informática da Producción Científica (PC).

Os departamentos e institutos constitúen a máxima autoridade científica na nosa Universidade nas áreas da súa competencia e como tal, deben coidar que as contribucións presentadas sexan claramente actividades de investigación (outras non se valoran aquí) e que se sitúen nos apartados correspondentes.

Como complemento aos ítems que se valoran na memoria de investigación, os departamentos institutos e estacións biolóxicas poden remitir a información, debidamente xustificada e referenciada dos conceptos que se sinalan a seguir:

- Profesores incorporados ao departamento dende a última petición da produción científica e que **foran profesores o ano anterior noutra universidade**.
- Profesores que tiveron durante o ano 2010 o cargo de presidente ou secretario de sociedades científicas nacionais ou internacionais de especial relevancia e **con clara relación coa investigación** (exclúense sociedades con sede na Comunidade Autónoma de Galicia).

Como en anos anteriores os grupos de investigación percibirán axuda polas súas actividades de investigación. O seu cálculo realizarase a partir dos datos que se rexistren nos departamentos/institutos/estacións biolóxicas/centros singulares. Aos únicos efectos de valorar a súa produción científica consideraranse como compoñentes valorables do grupo a aqueles que, na data de remate do prazo de gravación de datos, están incluídos no mesmo.



VICERREITORÍA DE INVESTIGACIÓN
E INNOVACIÓN
Oficina de Investigación e Tecnoloxía
Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D
Edificio CACTUS – Campus universitario sur
15782 Santiago de Compostela
Tel. 981 547 040 - Fax 981 547 077
Correo electrónico: cittinfo@usc.es
<http://imaisd.usc.es>

Do mesmo xeito soamente terán dereito a percibir a axuda por produción científica aqueles grupos de investigación que estean formalmente constituídos na data antes mencionada.

O prazo de gravación e presentación da memoria de investigación comezará o 12 de maio e rematará o 20 de xuño.

O Servizo de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D+i ten habilitado un enderezo de correo electrónico pcientifica@usc.es no que se pode efectuar calquera consulta relacionada con este procedemento, asemade, na web da Vicerreitoría existe unha páxina de preguntas frecuentes (FAQ) relacionadas coa xestión da produción científica onde se incorporarán as consultas máis habituais que se reciban en relación co tema.

Agradecendo a túa colaboración, recibe un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2011
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación